



Reflexións bioéticas sobre a COVID-19



Francisco Díaz-Fierros Viqueira¹

Introdución

Os tempos que estamos a vivir desde marzo de 2020 (e aínda non vai un ano!) están a supoñer un cambio radical nas nosas vidas. Todo se revirou: o traballo, os hábitos diarios e, sobre todo, a convivencia coas persoas e co ambiente. Quizais tamén, as referencias vitais e, mesmo, o sentido da propia existencia... que desde agora xa a miramos como máis vulnerable e menos protexida polas falsas seguridades que un mundo hipertecnificado nos estaba a suxerir. As institucións e, sobre todo, os gobernos tiveron que cambiar tamén, dun día para outro, as súas prioridades e a loita contra a COVID-19 foi case o único obxectivo das súas decisións.

Diante desta situación, que conmoveu os propios alicerces da nosa civilización, a bioética (esa póla da ética «dedicada a promover os principios para a conduta máis axeitada do ser humano con respecto á vida») emerxeu como un corpo de pensamento e actividades, moi oportuno, para poder entender e poder actuar moralmente diante dos dramáticos acontecementos que a pandemia estaba a producir. Os diferentes comités de bioética dos hospitais, dos colectivos profesionais e das institucións autonómicas, estatais e internacionais, faláron en sucesivos comunicados, nos que quixeron manifestar, con máis ou menos contundencia,

¹ Francisco Díaz-Fierros Viqueira é doutor en Farmacia pola USC, catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola. Tamén é Académico correspondente da Real Academia Nacional de Farmacia e numerario da Real Academia Galega.